



A Dirección Xeral de Xuventude, como participante da Campaña de verán 2026, no programa de **intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas**, infórmate sobre a túa incorporación:

ACTIVIDADE

Multiaventura. Comunidade Autónoma: A Rioxa

Datas: **do 27 de xuño ao 6 de xullo de 2026**

Aloxamento: **Albergue Juvenil Molino Viejo.** Paseo del Molino, s/n. Ezcaray. La Rioja

SAÍDA

DATA: **27 de xuño de 2026**

HORA: **09:00 horas**

LUGAR DE SAÍDA: **Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia** (entrada principal). R/ Miguel Ferro Caaveiro, s/n. San Lázaro 15703 Santiago de Compostela

REGRESO

DATA: **6 de xullo de 2026**

HORA DE SAÍDA: **Despois do almuerzo** (a hora aproximada de chegada será comunicada telefonicamente polas persoas participantes)

NOTAS:

1. Terás que levar comida para a viaxe de ida.
2. As persoas participantes nesta actividade irán acompañados dun monitor da Dirección Xeral de Xuventude.
3. A equipaxe ten que ser moderada. A capacidade do autobús é limitada e, polo tanto, o exceso de equipaxe quedará en terra.
4. No caso de non ter entregado o modelo de **autorización para facer fotografías** durante o desenvolvemento dos campamentos, asinada polos teus pais ou titores, poderás facelo o día da saída. Tamén deberás entregar a **autorización para a túa recollida** (só no caso de que non sexan os teus pais ou titores os que te recollan á volta). Estas autorizacións debes entregarllas ao monitor acompañante cando te incorpores ao autobús.
5. **Equipamento aconsellable.** Comproba as indicacións da **Información xeral Ezcaray_xullo** (na segunda páxina deste documento).

COMUNICACIÓN (importante)

Se levas teléfono móbil, lembra que, debido a situación das instalacións, pode haber dificultades de cobertura. Na instalación determinaranse as horas concretas para a comunicación telefónica. **Non chamar directamente a instalación salvo en caso de urxencia.**



Campamento de Verán



Modalidade	MULTIAVENTURA	Datas	27 de xuño ao 6 de xullo	Lugar	Albergue Juvenil Molino Viejo Ezcaray - La Rioja.
-------------------	---------------	--------------	--------------------------	--------------	---

Albergue Juvenil "El Molino Viejo" - Pso. de la Herradura s/n - 26280 - Ezcaray - La Rioja

ACTIVIDADES:

A través de actividades deportivas, culturais ou artísticas, traballarase unha temática divertida e lúdica, xerando unha actitude positiva entre os nosos xoves.

Visita a parques multiaventura con tirolinas, tibetanos, escalada e outras probas, visitas culturais a lugares emblemáticos da Rioxa, rutas de sendeirismo con interpretación da natureza, navegar en *pedaleta* e piragua no Club Náutico de El Rasillo, xincanas, xogos temáticos, veladas.

NOTA: para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

AVISOS DURANTE O CAMPAMENTO:

No teléfono xove 900 200 272 de luns a venres de 9,00 a 14,00 horas.

Nas instalación non hai teléfono de contacto para os participantes, durante a actividade, indicárase na web do Instituto Riojano de la Juventud www.irj.es, un teléfono de URXENCIAS, habilitado para o campamento. (NON se pasarán chamadas aos participantes, só urxencias)

Documentación necesaria orixinal

- DNI ou pasaporte
- Tarxeta sanitaria da Seguridade Social ou outro tipo de seguro médico

Medicamentos

- **Certificado médico obrigatorio en casos de dietas especiais ou enfermidades.** No caso de ter algún tratamento médico especial, as persoas participantes terán que levar os medicamentos específicos xunto con informe médico e folla explicativa con indicacións, tomas ou instrucións. Esta folla deberá ir asinada por un dos proxenitores e comunicarlle a organización os datos de importancia.

Material recomendado

- **Saco de durmir e illante (obligatorio e imprescindible)**
- Calzado cómodo e deportivo (bota semimontaña)
- Chanclas con agarre ao nocello. (Importante para as actividades náuticas)
- Roupas de abrigo e chuvias (chuvasqueiro, suadoiro...), roupa deportiva, pantalóns curtos.
- Camisetas (polo menos unha delas branca para pintala) gorra ou viseira de cor clara, crema de protección solar alta.
- Toallas (lavabo, ducha e piscina) e útiles de aseo persoal. Bolsa para a roupa sucia. Mochila pequena para as marchas, lanterna e batería de recambio, **cantimplora para as excursións.**
- Bolígrafo, caderno, algún libro, etc...
- Poden traer algo de diñeiro (non máis de 30 euros). Os teléfonos móbiles terán un uso e horario restrinxidos. A organización non se fará cargo de roturas, perdas ou roubos.